



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 28 de xuño de 2023.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun oficial de 1ª canteiro e un oficial de 1ª carpinteiro, "Reforzo do Emprego 2023 da Excma. Deputación Provincial de Lugo".

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión dun oficial de 1ª canteiro e un oficial de 1ª carpinteiro, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa "Reforzo do Emprego 2023 da Excma. Deputación Provincial de Lugo", mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2023-174, de data 19 de xuño de 2023.

Visto que con data 20 de xuño de 2023 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 140, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

- OFICIAL DE 1ª CANTEIRO

| APELIDOS E NOME | DNI | ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO |
|-----------------------|-----------|-------------------------------|
| GONZALEZ LASTRA, IAGO | ***4818** | Sí |

- OFICIAL DE 1ª CARPINTERO

| APELIDOS E NOME | DNI | ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO |
|------------------|-----------|-------------------------------|
| CAMPO DÍAZ, ABEL | ***5292** | Sí |

LISTA DE EXCLUÍDOS:

- OFICIAL DE 1ª CANTEIRO

Ninguén.





Concello de Ribeira de Piquín

- OFICIAL DE 1ª CARPINTEIRO

Ninguén.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Mª Lorena Varela Fernández, Orientadora Laboral do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o venres 30 de xuño de 2023, ás 11:30 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 12:00 horas do día 30 de xuño de 2023. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 28 de xuño de 2023.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

